

Estimadas familias:

Esta semana seguimos propoñendo traballo en distintos formatos:

- ✓ Na páxina web do centro: - Fichas repaso en pdf para poder imprimir ou traballar na libreta.
- ✓ Pequeno proxecto “Caderno de viaxeiro/a”.
- ✓ Ferramenta SNAPPET: onde poden traballar as áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas. **Esta semana reducimos o traballo da SNAPPET polo que atoparán menos actividades para realizar, xa que moitos de vós manifestabades que eran moitas tarefas ou que tiñades dificultades para facelas debido á mala sinal de internet.**
- ✓ Lectura do libro on line da editorial Xerais “Fred Quincalla o nómade do mar”.
Dentro da páxina web, poderedes atopar a 3ª ficha do libro.
O enlace para acceder ao libro é o seguinte:
https://issuu.com/edicionsxeraisdegalicia/docs/fred_quincalla_o_nomade_do_mar

A partir de agora poderán enviarnos algunha tarefa das propostas. Como xa saben as fichas en pdf levan un solucionario para que os alumnos/as poidan autocorrixirse, tal e como facían diariamente na aula. Isto axudaralles a ver os seus propios erros de forma que a aprendizaxe sexa máis eficaz. Polo tanto, esas actividades serán corrixidas por eles.

As tarefas que nos poderán enviar serán as de elaboración persoal, é dicir, o proxecto do caderno de viaxeiro e as fichas de lectura de Fred Quincalla. Aínda que estas últimas levan solucionario si que sería conveniente corrixir as producións propias que nelas se propoñen. Cada un pode ir enviándoas segundo as vaia facendo, sen présas, se alguén agora mesmo non comezou o caderno, non vos preocupedes, poderedes enviálo cando o teñades feito.

Ademais, esta semana pedímosvos, de forma completamente voluntaria, unha actividade proposta dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Cada neno/a pode escribir unha frase que compartiría con nós (co cole, cos compañeiros/as, etc) nestes momentos. É unha frase totalmente libre que non ten que facer referencia ao momento no que vivimos. Simplemente será unha oración en LINGUA GALEGA, que lles gustaría que todos puidesen ler.

A forma de enviar estas tarefas será a través do correo electrónico. Poden facelo de varias maneiras:

- A máis idónea, sempre que sexa posible, sería escanear na impresora o traballo e enviárnolo.
- Se alguén o ten feito a ordenador mandar o arquivo.
- Por último, de non dispoñer de impresora ou escáner poden sacar unha foto do traballo e mandalo.

Os nosos correos son:

4ºA- celestetato@edu.xunta.es

4ºB sonia.barcala@edu.xunta.es

Moitas grazas pola súa colaboración.

Unha aperta grande e un biquiño para os cativos.

Ánimo e saúde.
As titoras de 4º.